

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL

Orde do 17 de marzo de 2004 pola que se regulan os ficheiros que conteñen datos de carácter persoal existentes na Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, no Fondo Galego de Garantía Agraria e na Axenda Galega de Desenvolvemento Rural.

A Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, regula o tratamento de datos de carácter persoal rexistrados en soporte físico, así como toda modalidade de seu uso posterior polos sectores público e privado. O obxecto desta regulación é garantir e protexer os dereitos fundamentais e liberdades públicas das persoas físicas e, especialmente, a súa honra e intimidade persoal e familiar.

O artigo 20 da citada lei dispón que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só poderá facerse por medio de disposición xeral publicada no BOE ou diario oficial correspondente e sinala, así mesmo, os datos que deberán incluírse nas disposicións de creación ou modificación dos ficheiros.

Tanto a promulgación desa nova lei como os cambios operados na estrutura orgánica desta consellería aconsellan aprobar un novo texto normativo que actualice o inicialmente disposto pola Orde do 28 de xullo de 1994, en que, até o de agora, se relacionaban todos os ficheiros xestionados polos distintos centros directivos e organismos públicos da consellería.

En consecuencia, e en virtude das facultades que me confire o artigo 34.6º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Mediante esta orde, a Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural regula os ficheiros con datos de carácter persoal, que se citan no anexo, existentes nos seus centros directivos e nos organismos públicos dependentes dela.

Artigo 2º.-Contido.

No anexo desta orde, e para cada un dos ficheiros creados, dáselle cumprimento ao exixido polo artigo 20.2º da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, en relación ao contido mínimo que debe conter cada ficheiro.

Artigo 3º.-Finalidade e usos dos ficheiros.

Os datos de carácter persoal rexistrados nos ficheiros da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural só serán utilizados polo persoal debidamente autorizado e para os fins expresamente previstos.

Artigo 4º.-Seguridade dos ficheiros.

Os órganos que, para cada caso, figuran no anexo, serán responsables da seguridade dos ficheiros e adoptarán as medidas de xestión e organización necesarias para asegurar a confidencialidade e integridade dos datos contidos neles.

Ante estes órganos exerceranse os dereitos de acceso, rectificación e cancelación dos datos de carácter persoal incluídos en cada ficheiro.

Disposición adicional

Única.-De conformidade co disposto no artigo 20.1º da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 decembro) a creación, modificación ou supresión de ficheiros que conteñen datos de carácter persoal por parte de calquera centro directivo da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural só poderá efectuarse mediante orde desta consellería, que deberá ser publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derogatoria

Queda derogada a Orde do 28 de xullo de 1994, desta consellería, pola que se regularon os ficheiros automatizados con datos de carácter persoal existentes nela.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2004.

Juan Miguel Diz Guedes
Conselleiro de Política Agroalimentaria
e Desenvolvemento Rural

ANEXO

A) Ficheiros da secretaría xeral.

1.-Ficheiro: xestión de persoal.

1. Finalidade e usos previstos.

Xestión e control de todo o persoal da consellería.

2. Persoas ou colectivos afectados.

Persoal da consellería.

3. Procedemento de recolla de datos.

Resolucións de convocatorias públicas. Resolucións da Dirección Xeral da Función Pública. Documentación presentada polo persoal.

4. Estrutura básica do ficheiro.

Base de datos.

5. Tipos de datos de carácter persoal que inclúe.

Datos de carácter identificativo: DNI/NIF; nº SS/mutualidade; nome e apelidos; enderezo; nº de rexistro de persoal, datos do posto de traballo, situacións administrativas do persoal.

6. Cesións de datos previstas.

Non se prevén cesións de datos persoais.

7. Órgano responsable do ficheiro.

Secretaría xeral.

8. Servizos ou unidades ante os que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Secretaría xeral. Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. Edificio administrativo San Caetano. 15771-Santiago de Compostela.

9. Nivel das medidas de seguridade.

Básico.

2.-Ficheiro: xestión de nóminas.

1. Finalidade e usos previstos.

Actualización das retribucións de todo o persoal da consellería.

2. Persoas ou colectivos afectados.

Persoal da consellería.

3. Procedemento de recolla de datos.

Resolucións de convocatorias públicas. Resolucións da Dirección Xeral da Función Pública. Resolucións da consellería. Resolucións da Consellería de Economía e Facenda (anticipos). Solicitudes do persoal. Requirimentos xudiciais, da Axencia Tributaria, dos concellos e da Seguridade Social.

4. Estrutura básica do ficheiro.

Base de datos.

5. Tipos de datos de carácter persoal que inclúe.

Datos de carácter identificativo e datos económicos.

6. Cesións de datos previstas.

Non se prevén cesións de datos persoais.

7. Órgano responsable do ficheiro.

Secretaría xeral.

8. Servizos ou unidades ante os que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Secretaría xeral. Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. Edificio administrativo San Caetano. 15771-Santiago de Compostela.

9. Nivel das medidas de seguridade.

Básico.

3.-Ficheiro: habilitación de pagamentos.

1. Finalidade e usos previstos.

Xestión de pagamentos por servizos ou fornecementos e xestión de axudas de custo do persoal da consellería.

2. Persoas ou colectivos afectados.

Persoas e empresas en concepto de acredores e persoal da consellería por devengo de axudas de custo.

3. Procedemento de recolla de datos.

A través de facturas e xustificantes de gasto.

4. Estrutura básica do ficheiro.

Base de datos.

5. Tipos de datos de carácter persoal que inclúe.

Datos de carácter identificativo e datos de contas bancarias.

6. Cesións de datos previstas.

Non se prevén cesións de datos persoais.

7. Órgano responsable do ficheiro.

Secretaría xeral.

8. Servizos e unidades ante os que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Secretaría xeral. Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. Edificio administrativo San Caetano. 15771-Santiago de Compostela.

9. Nivel das medidas de seguridade.

Básico.

4.-Ficheiro: expedientes sancionadores.

1. Finalidade e usos previstos.

Xestión dos expedientes sancionadores derivados do levantamento de actas de inspección.

2. Persoas ou colectivos afectados.

Titulares de explotacións ou actividades a que se lles levantou acta de inspección.

3. Procedemento de recolla de datos.

Contido das actas de inspección. Tramitación do expediente.

4. Estrutura básica do ficheiro.

Base de datos.

5. Tipos de datos de carácter persoal que inclúe.

Datos de carácter identificativo, datos das infraccións e das sancións impostas.

6. Cesións de datos previstas.

Consellería de Economía e Facenda (procedemento de recadación).

7. Órgano responsable do ficheiro.

Secretaría xeral.

8. Servizos ou unidades ante os que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Secretaría xeral. Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. Edificio administrativo San Caetano. 15771-Santiago de Compostela.

9. Nivel das medidas de seguridade.

Medio.

5.-Ficheiro: cursos de formación agraria.

1. Finalidade e usos previstos.

Xestión dos cursos do Centro de Formación, Investigación e Tecnoloxía Agraria de Galicia.

2. Persoas ou colectivos afectados.

Alumnos. Asociacións sen ánimo de lucro vinculadas ao sector agrario. Profesores dos cursos de formación continua.

3. Procedemento de recolla de datos.

Impresos de matrícula dos alumnos. Solicitudes das asociacións. Facturas dos profesores.

4. Estrutura básica do ficheiro.

Base de datos.

5. Tipos de datos de carácter persoal que inclúe.

Datos de carácter identificativo. Datos de contas bancarias dos profesores e cantidades percibidas.

6. Cesiões de datos previstas.

Consellería de Educación (só as matrículas de ciclos formativos).

7. Órgano responsable do ficheiro.

Secretaría xeral.

8. Servizos ou unidades ante os que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Centro de Formación, Investigación e Tecnoloxía Agraria de Galicia. Rúa Fonte dos Concheiros, 11-baixo. 15703 Santiago de Compostela.

9. Nivel das medidas de seguridade.

Básico.

6.-Ficheiro: rexistro de entrada de mostras no laboratorio agrario e fitopatolóxico de Galicia.

1. Finalidade e usos previstos.

Rexistro e control de mostras e de resultados de análises de solos, residuos de produtos fitosanitarios, silos e análises foliares.

2. Persoas ou colectivos afectados.

Persoas ou representantes de entidades que presentan mostras para análise ante o Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia.

3. Procedemento de recolla de datos.

Solicitudes presentadas polos interesados.

4. Estrutura básica do ficheiro.

Base de datos.

5. Tipos de datos de carácter persoal que inclúe.

Datos de carácter identificativo.

6. Cesiões de datos previstas.

Non se prevén cesiões de datos persoais.

7. Órgano responsable do ficheiro.

Secretaría xeral.

8. Servizos ou unidades ante os que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia. (Mabegondo-A Coruña). Estrada Betanzos-Santiago de Compostela, km 8. 15318 San Tirso de Mabegondo.

9. Nivel das medidas de seguridade.

Básico.

7.-Ficheiro: control de asistencia ao traballo.

1. Finalidade e usos previstos.

Control da asistencia ao traballo do persoal dos servizos centrais.

2. Persoas ou colectivos afectados.

Persoal da consellería.

3. Procedemento de recolla de datos.

Solicitudes do persoal. Xustificacións das unidades administrativas. Información facilitada pola Inspección de Servizos derivada dos terminais de control de acceso. Xustificacións das unidades administrativas das incidencias e listaxe de sinaturas dos centros de traballo situados fóra do complexo de San Caetano aplicando o mesmo programa da Inspección de Servizos.

4. Estrutura básica do ficheiro.

Base de datos.

5. Tipos de datos de carácter persoal que inclúe.

Datos de carácter identificativo. Días e horas de presenza.

6. Cesiões de datos previstas.

Non se prevén cesiões de datos persoais.

7. Órgano responsable do ficheiro.

Secretaría xeral.

8. Servizos ou unidades ante os que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Secretaría xeral. Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. Edificio administrativo San Caetano. 15771 Santiago de Compostela.

9. Nivel das medidas de seguridade.

Básico.

B) Ficheiros da Dirección Xeral de Infraestruturas Agrarias.

1.-Ficheiro: concentración parcelaria.

1. Finalidade e usos previstos.

Xestión de proceso de concentración parcelaria. Hai un ficheiro para cada unha das zonas de concentración.

2. Persoas ou colectivos afectados.

Titulares de predios nas zonas de concentración.

3. Procedemento de recolla de datos.

Investigación das bases provisionais e definitivas levada a cabo pola empresa adxudicataria do servizo técnico en cada zona. Datos fornecidos polos propietarios.

4. Estrutura básica do ficheiro.

Base de datos alfanumérica con información gráfica en planos.

5. Tipos de datos de carácter persoal que inclúe.

Datos de carácter identificativo, datos das parcelas.

6. Cesións de datos previstas.

Non se prevén cesións de datos persoais. Exposición pública parcial deles.

7. Órgano responsable do ficheiro.

Dirección Xeral de Infraestruturas Agrarias.

8. Servizos ou unidades ante os que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Dirección Xeral de Infraestruturas Agrarias. Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. Edificio administrativo San Caetano. 15771 Santiago de Compostela.

9. Nivel das medidas de seguridade.

Básico.

C) Ficheiros da Dirección Xeral de Industrias e Promoción Agroalimentaria.

1.-Ficheiro: xestión administrativa de axudas en materia de industrias e promoción agroalimentaria.

1. Finalidade e usos previstos.

Xestionar a concesión de axudas a industrias agroalimentarias e a entidades de asociacionismo agrario.

2. Persoas ou colectivos afectados.

Titulares das actividades para as que se solicitan as axudas.

3. Procedemento de recolla de datos.

Solicitudes dos interesados.

4. Estrutura básica do ficheiro.

Base de datos.

5. Tipos de datos de carácter persoal que inclúe.

Datos de carácter identificativo, datos da actividade, datos de contas bancarias, contías das axudas concedidas.

6. Cesións de datos previstas.

Prevenirse cesións de datos persoais ao MAPA nas liñas de axuda cofinanciadas con el.

7. Órgano responsable do ficheiro.

Dirección Xeral de Industrias e Promoción Agroalimentaria.

8. Servizos ou unidades ante os que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Dirección Xeral de Industrias e Promoción Agroalimentaria. Rúa dos Irmandiños, s/n-Salgueiriños. 15781 Santiago de Compostela.

9. Nivel das medidas de seguridade.

Básico.

2.-Ficheiro: inspección de fraudes e calidade agroalimentaria.

1. Finalidade e usos previstos.

Control da calidade dos produtos que elaboran as industrias agroalimentarias.

2. Persoas ou colectivos afectados.

Titulares de industrias agroalimentarias.

3. Procedemento de recolla de datos.

Actas levantadas polo Servizo de Defensa da Calidade Alimentaria.

4. Estrutura básica do ficheiro.

Base de datos.

5. Tipos de datos de carácter persoal que inclúe.

Datos de carácter identificativo, datos de infraccións e de sancións.

6. Cesións de datos previstas.

Non se prevén cesións de datos persoais.

7. Órgano responsable do ficheiro.

Dirección Xeral de Industrias e Promoción Agroalimentaria.

8. Servizos ou unidades ante os que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Dirección Xeral de Industrias e Promoción Agroalimentaria. Rúa dos Irmandiños, s/n-Salgueiriños. 15781-Santiago de Compostela.

9. Nivel das medidas de seguridade.

Medio.

3.-Ficheiro: rexistro de sociedades agrarias de transformación de Galicia.

1. Finalidade e usos previstos.

Autorización e rexistro de entidades asociativas para desenvolver actividades agrarias ou relacionadas co sector agrario.

2. Persoas ou colectivos afectados.

Presidentes das entidades que solicitan as axudas en representación delas.

3. Procedemento de recolla de datos.

Solicitudes dos interesados.

4. Estrutura básica do ficheiro.

Base de datos.

5. Tipos de datos de carácter persoal que inclúe.

Datos de carácter identificativo, datos da entidade.

6. Cesións de datos previstas.

Non se prevén cesións de datos persoais.

7. Órgano responsable do ficheiro.

Dirección Xeral de Industrias e Promoción Agroalimentaria.

8. Servizos ou unidades ante os que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Dirección Xeral de Industrias e Promoción Agroalimentaria. Rúa dos Irmandiños, s/n-Salgueiriños. 15781-Santiago de Compostela.

9. Nivel das medidas de seguridade.

Básico.

4.-Ficheiro: rexistro de industrias agrarias.

1. Finalidade e usos previstos.

Autorización e rexistro de empresas e empresarios para desenvolver actividades agrarias ou relacionadas co sector agrario.

2. Persoas ou colectivos afectados.

Titulares das actividades para as que se solicita autorización.

3. Procedemento de recolla de datos.

Solicitudes dos interesados.

4. Estrutura básica do ficheiro.

Base de datos.

5. Tipos de datos de carácter persoal que inclúe.

Datos de carácter identificativo, datos da empresa.

6. Cesións de datos previstas.

Prevenirse cesións de datos persoais ao MAPA.

7. Órgano responsable do ficheiro.

Dirección Xeral de Industrias e Promoción Agroalimentaria.

8. Servizos ou unidades ante os que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Dirección Xeral de Industrias e Promoción Agroalimentaria. Rúa dos Irmandiños, s/n-Salgueiriños. 15781-Santiago de Compostela.

9. Nivel das medidas de seguridade.

Básico.

5.-Ficheiro: rexistro de embotelladores de bebidas alcohólicas.

1. Finalidade e usos previstos.

Autorización e rexistro de operadores comerciais que embotellen viños e bebidas alcohólicas.

2. Persoas ou colectivos afectados.

Titulares das actividades para as que se solicita autorización.

3. Procedemento de recolla de datos.

Solicitudes dos interesados.

4. Estrutura básica do ficheiro.

Base de datos.

5. Tipos de datos de carácter persoal que inclúe.

Datos de carácter identificativo, datos da actividade.

6. Cesións de datos previstas.

Non se prevén cesións de datos persoais.

7. Órgano responsable do ficheiro.

Dirección Xeral de Industrias e Promoción Agroalimentaria.

8. Servizos ou unidades ante os que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Dirección Xeral de Industrias e Promoción Agroalimentaria. Rúa dos Irmandiños, s/n-Salgueiriños. 15781-Santiago de Compostela.

9. Nivel das medidas de seguridade.

Básico.

D) Ficheiros da Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria.

1.-Ficheiro: establecementos e intermediarios de produtos de alimentación animal.

1. Finalidade e usos previstos.

Autorización, rexistro e control dos establecementos e intermediarios de produtos de alimentación animal.

2. Persoas ou colectivos afectados.

Titulares ou representantes de entidades que traballan neste sector, autorizados e/ou rexistrados.

3. Procedemento de recolla de datos.

Solicitudes dos interesados.

4. Estrutura básica do ficheiro.

Base de datos.

5. Tipos de datos de carácter persoal que inclúe.

Datos de carácter identificativo, datos da entidade se é o caso.

6. Cesións de datos previstas.

Comunicación periódica ao MAPA.

7. Órgano responsable do ficheiro.

Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria.

8. Servizos ou unidades ante os que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria. Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. Edificio administrativo San Caetano. 15771-Santiago de Compostela.

9. Nivel das medidas de seguridade.

Básico.

2.-Ficheiro: establecementos autorizados para a fabricación ou distribución de pensos medicamentosos.

1. Finalidade e usos previstos.

Autorización, rexistro e control dos establecementos autorizados para a fabricación ou para a distribución de pensos medicamentosos.

2. Persoas ou colectivos afectados.

Titulares ou representantes de entidades autorizadas.

3. Procedemento de recolla de datos.

Solicitudes de autorización e rexistro presentadas polos interesados.

4. Estrutura básica do ficheiro.

Base de datos.

5. Tipos de datos de carácter persoal que inclúe.

Datos de carácter identificativo, datos da entidade.

6. Cesións de datos previstas.

Comunicación periódica ao MAPA.

7. Órgano responsable do ficheiro.

Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria.

8. Servizos ou unidades ante os que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria. Consellería de Política Agroalimentaria e

Desenvolvemento Rural. Edificio administrativo San Caetano. 15771-Santiago de Compostela.

9. Nivel das medidas de seguridade.

Básico.

3.-Ficheiro: fabricantes de pensos.

1. Finalidade e usos previstos.

Coñecemento polas administracións competentes dos datos de produción de pensos.

2. Persoas ou colectivos afectados.

Titulares ou representantes de entidades fabricantes de pensos.

3. Procedemento de recolla de datos.

Comunicación directa efectuada polos fabricantes.

4. Estrutura básica do ficheiro.

Base de datos.

5. Tipos de datos de carácter persoal que inclúe.

Datos de carácter identificativo, datos da entidade, datos de produción.

6. Cesións de datos previstas.

Comunicación periódica ao MAPA.

7. Órgano responsable do ficheiro.

Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria.

8. Servizos ou unidades ante os que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria. Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. Edificio administrativo San Caetano. 15771-Santiago de Compostela.

9. Nivel das medidas de seguridade.

Básico.

4.-Ficheiro: establecementos autorizados para a comercialización de medicamentos.

1. Finalidade e usos previstos.

Autorización, rexistro e control dos establecementos autorizados para a comercialización de medicamentos.

2. Persoas ou colectivos afectados.

Titulares ou representantes de entidades autorizadas.

3. Procedemento de recolla de datos.

Solicitudes de autorización e rexistro presentadas polos interesados.

4. Estrutura básica do ficheiro.

Base de datos.

5. Tipos de datos de carácter persoal que inclúe.

Datos de carácter identificativo, datos da entidade.

6. Cesións de datos previstas.

Non se prevén cesións de datos persoais.

7. Órgano responsable do ficheiro.

Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria.

8. Servizos ou unidades ante os que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria. Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. Edificio administrativo San Caetano. 15771-Santiago de Compostela.

9. Nivel das medidas de seguridade.

Básico.

5.-Ficheiro: entidades de transformación de comisos e subprodutos de orixe animal.

1. Finalidade e usos previstos.

Autorización, rexistro e control das entidades de transformación de comisos e subprodutos de orixe animal.

2. Persoas ou colectivos afectados.

Titulares ou representantes de entidades autorizadas.

3. Procedemento de recolla de datos.

Solicitudes de autorización e rexistro presentadas polos interesados.

4. Estrutura básica do ficheiro.

Base de datos.

5. Tipos de datos de carácter persoal que inclúe.

Datos de carácter identificativo, datos da entidade.

6. Cesións de datos previstas.

Non se prevén cesións de datos persoais.

7. Órgano responsable do ficheiro.

Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria.

8. Servizos ou unidades ante os que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria. Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. Edificio administrativo San Caetano. 15771-Santiago de Compostela.

9. Nivel das medidas de seguridade.

Básico.

6.-Ficheiro: axudas a agrupacións de defensa sanitaria gandeiras (ADSG).

1. Finalidade e usos previstos.

Xestión das axudas aos programas de planificación zoonosanitaria.

2. Persoas ou colectivos afectados.

Representantes das asociacións de defensa sanitaria gandeira solicitantes das axudas e veterinarios responsables do programa sanitario.

3. Procedemento de recolla de datos.

Solicitudes que presentan as asociacións.

4. Estrutura básica do ficheiro.

Base de datos.

5. Tipos de datos de carácter persoal que inclúe.

Datos de carácter identificativo, datos da agrupación e contía das axudas.

6. Cesións de datos previstas.

Consellería de Economía e Facenda.

7. Órgano responsable do ficheiro.

Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria.

8. Servizos ou unidades ante os que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria. Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. Edificio administrativo San Caetano. 15771-Santiago de Compostela.

9. Nivel das medidas de seguridade.

Básico.

7.-Ficheiro: axudas apicultura.

1. Finalidade e usos previstos.

Xestión das axudas á apicultura.

2. Persoas ou colectivos afectados.

Titulares das explotacións que solicitan as axudas.

3. Procedemento de recolla de datos.

Solicitudes dos interesados.

4. Estrutura básica do ficheiro.

Base de datos.

5. Tipos de datos de carácter persoal que inclúe.

Datos de carácter identificativo, datos de contas bancarias, contías das axudas concedidas.

6. Cesións de datos previstas.

Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga).

7. Órgano responsable do ficheiro.

Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria.

8. Servizos ou unidades ante os que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria. Consellería de Política Agroalimentaria e

Desenvolvemento Rural. Edificio administrativo San Caetano. 15771-Santiago de Compostela.

9. Nivel das medidas de seguridade.

Básico.

8.-Ficheiro: Indemnizacións por sacrificio de animais.

1. Finalidade e usos previstos.

Xestión das indemnizacións por sacrificio obrigatorio de gando nos programas de erradicación de enfermidades animais.

2. Persoas ou colectivos afectados.

Titulares das explotacións que solicitan as axudas.

3. Procedemento de recolla de datos.

Solicitudes dos interesados.

4. Estrutura básica do ficheiro.

Base de datos.

5. Tipos de datos de carácter persoal que inclúe.

Datos de carácter identificativo, datos de contas bancarias, contías das indemnizacións concedidas.

6. Cesiões de datos previstas.

Non se prevén cesiões de datos persoais.

7. Órgano responsable do ficheiro.

Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria.

8. Servizos ou unidades ante os que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria. Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. Edificio administrativo San Caetano. 15771-Santiago de Compostela.

9. Nivel das medidas de seguridade.

Básico.

9.-Ficheiro: axudas á reposición.

1. Finalidade e usos previstos.

Xestión das axudas á reposición de reses sacrificadas en execución dos programas de control e erradicación de enfermidades dos animais.

2. Persoas ou colectivos afectados.

Solicitantes das axudas á reposición de reses sacrificadas en execución dos programas de control e erradicación de enfermidades dos animais.

3. Procedemento de recolla de datos.

Os datos obtéñense das solicitudes que presentan os interesados.

4. Estrutura básica do ficheiro.

Base de datos.

5. Tipos de datos de carácter persoal que inclúe.

-Datos de carácter identificativo: CEA, NIF/CIF, nome e apelidos ou razón social, enderezo.

-Datos administrativos: contía da axuda concedida, datas dos trámites realizados no Servizo de Planificación Gandeira.

6. Cesiões de datos previstas.

Non se prevén cesiões nin transferencias.

7. Órgano responsable do ficheiro.

Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria, Subdirección Xeral de Gandería, Servizo de Planificación Gandeira.

8. Servizos ou unidades ante os que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria, Subdirección Xeral de Gandería, Servizo de Planificación Gandeira. Edificio administrativo San Caetano. 15771-Santiago de Compostela.

9. Nivel das medidas de seguridade.

Básico.

10.-Ficheiro: compensacións complementarias por erradicación de enfermidades dos animais.

1. Finalidade e usos previstos.

Xestión das compensacións complementarias pola aplicación de programas de erradicación de enfermidades dos animais.

2. Persoas ou colectivos afectados.

Titulares das explotacións que solicitan as axudas.

3. Procedemento de recolla de datos.

Solicitudes dos interesados.

4. Estrutura básica do ficheiro.

Base de datos.

5. Tipos de datos de carácter persoal que inclúe.

Datos de carácter identificativo, datos de contas bancarias, contías das indemnizacións concedidas.

6. Cesiões de datos previstas.

Non se prevén cesiões de datos persoais.

7. Órgano responsable do ficheiro.

Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria.

8. Servizos ou unidades ante os que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria. Consellería de Política Agroalimentaria e

Desenvolvemento Rural. Edificio administrativo San Caetano. 15771-Santiago de Compostela.

9. Nivel das medidas de seguridade.

Básico.

11.-Ficheiro: rexistro de solicitantes de axudas no marco do Programa de Mellora Gandeira de Galicia.

1. Finalidade e usos previstos.

Rexistro de solicitantes de axudas no marco do Programa de Mellora Gandeira de Galicia. Este rexistro constará de tantas seccións como liñas de axudas se establezan no marco do programa.

2. Persoas ou colectivos afectados.

Titulares ou representantes das explotacións ou asociacións que solicitan as axudas.

3. Procedemento de recolla de datos.

Solicitudes dos interesados.

4. Estrutura básica do ficheiro.

Base de datos.

5. Tipos de datos de carácter persoal que inclúe.

Datos de carácter identificativo, datos de contas bancarias, contías das axudas concedidas.

6. Cesións de datos previstas.

Non se prevén cesións de datos persoais.

7. Órgano responsable do ficheiro.

Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria.

8. Servizos ou unidades ante os que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria. Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. Edificio administrativo San Caetano. 15771-Santiago de Compostela.

9. Nivel das medidas de seguridade.

Básico.

12.-Ficheiro: rexistro de gandarías, criadores e propietarios de razas autóctonas de Galicia en perigo de extinción.

1. Finalidade e usos previstos.

Rexistro de gandarías, criadores e propietarios de razas autóctonas de Galicia en perigo de extinción. Este rexistro constará de tantas seccións como razas autóctonas en perigo de extinción haxa en Galicia e que teñan libros xenealóxicos xestionados pola consellería.

2. Persoas ou colectivos afectados.

Titulares ou representantes das explotacións en que haxa razas autóctonas de Galicia en perigo de extinción.

3. Procedemento de recolla de datos.

Declaracións dos interesados.

4. Estrutura básica do ficheiro.

Base de datos.

5. Tipos de datos de carácter persoal que inclúe.

Datos de carácter identificativo.

6. Cesións de datos previstas.

Non se prevén cesións de datos persoais.

7. Órgano responsable do ficheiro.

Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria.

8. Servizos ou unidades ante os que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria. Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. Edificio administrativo San Caetano. 15771-Santiago de Compostela.

9. Nivel das medidas de seguridade.

Básico.

13.-Ficheiro: rexistro de explotacións en control leiteiro oficial.

1. Finalidade e usos previstos.

Xestión do control leiteiro oficial en Galicia.

2. Persoas ou colectivos afectados.

Titulares de explotacións gandeiras acollidas á realización do control leiteiro oficial.

3. Procedemento de recolla de datos.

Solicitudes dos interesados de incorporación ao control leiteiro oficial.

4. Estrutura básica do ficheiro.

Base de datos.

5. Tipos de datos de carácter persoal que inclúe.

Datos de carácter identificativo, datos de contas bancarias, datos da explotación, contías das axudas concedidas.

6. Cesións de datos previstas.

Consellería de Economía e Facenda.

7. Órgano responsable do ficheiro.

Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria.

8. Servizos ou unidades ante os que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria. Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. Edificio administrativo San Caetano. 15771-Santiago de Compostela.

9. Nivel das medidas de seguridade.

Básico.

14.-Ficheiro: cota láctea.

1. Finalidade e usos previstos.

